

CSI-F sobre a Lei 1/2012 de medidas temporais e os orzamentos 2018

A aprobación da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia marcou, sen dúbida, un antes e un despois nas relacións laborais no sector público autonómico e supuxo a voadura controlada da negociación colectiva no ámbito da administración autonómica.

Publicada no DOG do 2 de marzo de 2012, a lei afecta a aspectos moi sensibles das condicións de traballo dos empregados/as públicos. A suspensión do complemento ás prestacións da seguridade social en situación de incapacidade temporal, a práctica eliminación do Fondo de Acción Social e a suspensión dos artigos 19, 29, 34.2 do Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, son medidas que precarizan as condicións de traballo dos empregados/as públicos e repercuten gravemente na calidade dos servizos prestados a cidadanía.

A lei ten carácter temporal. O propio título da norma o establece. Tamén na exposición de motivos, no parágrafo segundo, se determina que son “medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal”. Asemade na exposición de motivos observamos que o fundamento da suspensión da aplicación de determinados preceptos atópase no artigo 38.10 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), que permite suspender ou modificar o cumprimento de Pactos e Acordos firmados cando concorren causas graves de interese público derivadas dunha alteración substancial das circunstancias económicas (na medida estritamente necesaria para salvagardar dito interese público).

A utilización do artigo 38.10 para suspender ou modificar Acordos ou Pactos asinados a atopamos por primeira vez dentro do *Capítulo I, Título II. Gastos de persoal*, da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010. Concretamente o seu artigo 13.catro establece “Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores deberán axustarse ao establecido neste artigo, e resultarán inaplicables no caso contrario. Durante o ano 2010, debido ás actuais circunstancias económicas excepcionais e conforme o previsto na alínea Dez do artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos que supoñan incrementos retributivos.”

Esta redacción, sen facer xa referencia o artigo do EBEP nó que se fundamenta, mantívose nas sucesivas leis de orzamentos e volve a recollese no proxecto de orzamentos para o ano 2018.

As circunstancias económicas actuais non son as mesmas que as do ano 2012. Daquela atopábamnos nunha crise financeira a nivel mundial que afectou gravemente a economía española e tamén a galega. Nestes intres ninguén discute a melloría da economía española e galega, o que determinaría a desaparición da causa de suspensión recollida no EBEP e, polo tanto, a derogación da norma.

Pero a norma non establece o seu carácter temporal de forma indeterminada, se non que supedita a súa vixencia “...á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan a sustentabilidade das contas públicas.”. E na *disposición final única* vincula a súa revisión, en un prazo de dous anos, á mellora en Galicia do Produto Interior Bruto real e da evolución positiva do Aforro Primario dos orzamentos.

Namentres outras normas, tanto de carácter estatal como autonómico, xa foron revisadas ou mesmo derogadas, (devolución da extra de decembro do 2012, recuperación do dereito a percepción do complemento específico nas pagas extras suspendido na Xunta no período 2013-2017) a lei 1/2012 non sufriu ningunha revisión, coa excepción da modificación do seu artigo 7.

Así establecido, e superados amplamente os dous anos dende a súa aprobación, cumpre estudar a evolución do PIB real de Galicia e do saldo primario orzamentario para determinar a vixencia da lei 1/2012, procedendo a súa derogación no caso de observarse unha evolución positiva de ambas variables.

Asemade dito análise tamén deberá determinar a continuidade ou non da suspensión de Pactos ou Acordos xa asinados recollida na lei de orzamentos do ano 2017 e anteriores.


A continuación, dende a CSIF, intentaremos expor brevemente a evolución de ambos parámetros dende a súa aprobación no ano 2012.

EVOLUCION DO PIB real.

Conforme os datos publicados pola Consellería de Facenda e polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o comportamento nos últimos anos do PIB real en Galicia foi francamente positivo, chegando no ano 2016 a un crecemento da taxa de variación do PIB en termos de volume do 3,4%, dúas décimas máis cá media nacional. Asemade, a media de crecemento anual no período 2014-2016 achegase ó 2,4%.

Estes datos contrastan cós observados no 2012, ano no que se aproba a lei 1/2012, e no ano 2013, nos que atopamos un crecemento (negativo) do PIB real en Galicia do -2,8 % e -1,6% respectivamente.

PIB. Variacións de volume.				
-2,8%	-1,6%	0.7%	3,2%	3,4%
2012	2013	2014	2015	2016



Fonte: Elaboración propia. Datos do INE

O ano 2017 segue a tendencia dos anos anteriores, cunha taxa de variación interanual do 3,1% no primeiro trimestre, e do 3,2% no segundo.

Polo tanto, e fronte os primeiros anos de vixencia da lei, pódese comprobar o bo comportamento do PIB real nos últimos catro anos que, en termos de taxa de variación, aporta datos similares aos previos á crise.

5

SALDO PRIMARIO ORZAMENTARIO

Segunda variable vinculada á revisión da lei 1/2012. O saldo primario ou aforro primario é o resultado da diferenza entre o que ingresa a Comunidade e o que gasta sen ter en conta o coste do pago da débeda. Se calcula restando dos ingresos correntes a totalidade dos gastos correntes excluindo o xuros da débeda.


O aforro primario constitúe unha medida da capacidade de financiación previa ao pago do custe financeiro derivado da débeda actual.

Novamente nos últimos anos atopamos resultados positivos que mostran unha clara recuperación.

Aforro bruto e saldo primario. Serie 2012-2016

Concepto	2012	2013	2014	2015	2016
1- Ingresos correntes	7.347	7.426	7.291	7.674	8.055
2- Gastos correntes	7.469	7.349	7.375	7.470	7.606
3- Aforro bruto	-122	77	-84	204	449
4- Coste financeiro	257	302	364	308	270

5- Saldo primario (3+4)	135	379	280	512	719
-------------------------	-----	-----	-----	-----	-----



Fonte: Elaboración propia. Datos da Consellería de Facenda e do Consello de Contas de Galicia.


Obsérvase que o aforro bruto alcanza valores negativos no ano 2012 e 2014 por valor de -122 millóns de euros e de -84 millóns, respectivamente. E xa a partir do ano 2015 atopamos unha clara recuperación alcanzando un valor positivo de 204 millóns de euros, para chegar aos 449 millóns no ano 2016. Nese mesmo ano, o aforro primario alcanza os 719 millóns de euros.

Respecto a xeración de saldo primario para a financiación do pago de intereses (capítulo III de gastos financeiros), pódese apreciar como nos anos 2012 e 2014 o saldo primario foi insuficiente para atender as obrigas derivadas do pago de xuros, debéndose financiar con maior débeda. Pola contra, no ano 2015 o saldo primario alcanza os 512 millóns de euros, suficiente para a cobertura completa dos gastos financeiros.

No ano 2016 o saldo primario volve cubrir amplamente o coste financeiro da débeda da comunidade. Arroxa un balance de 719 millóns de euros, fronte a uns costes financeiros de 270 millóns, que representan o 37,6% do saldo primario (fronte o 60,2% do ano anterior).

Sustentabilidade do pago de xuros 2012-2016 (millóns de euros)

Concepto	2012	2013	2014	2015	2016
Saldo primario	135	379	280	512	719
Coste financeiro	257	302	364	308	270
% coste financeiro s/ saldo primario	190,4%	79,6%	130,0%	60,2%	37,6%
Débeda para pago xuros	122	-	84	-	-



Fonte: Elaboración propia. Datos da Consellería de Facenda e do Consello de Contas de Galicia.

Galicia e a comunidade autónoma que menos incrementou o seu volume de débeda pública dende o ano 2009, e na actualidade mantén un nivel débeda seis puntos inferior a media do conxunto de autonomías.

CONCLUSIÓN

Da análise das dúas variables recollidas na lei 1/2012 e da súa evolución no período 2012-2017, pódese colixir que nos últimos tres anos os datos observados para ambas variables son moi positivos, cunha clara previsión alcista para os anos vindeiros.

Tendo en conta que a lei daba un primeiro prazo para a súa revisión ós dous anos de vixencia, e pasados xa casi 6 anos dende súa aprobación, parece obrigada a derogación da norma por terse cumprido amplamente os requisitos para elo.

Atendendo tamén ao establecido no artigo 38.10 do EBEP, no que se fundamenta a suspensión de Pactos e Acordos, parece totalmente inxustifico o mantemento das medidas recollidas na Lei 1/2012, xa que nestes intres xa non concorren causas graves de interese público derivadas dunha alteración substancial das circunstancias económicas. Cabe lembrar que as medidas extraordinarias que habilita o artigo 38.10 deben limitarse ao estritamente necesario para salvagardar o interese público.

A CSIF considera que, superada a crise financeira na que se xustificaron o recortes, chega o momento de revisar as medidas recollidas na lei 1/2012 e, polo tanto cumpre:

- Rematar coa suspensión do complemento ás prestacións da seguridade social en situación de incapacidade temporal.
- Reposición do 100% Fondo de Acción Social.
- Eliminación da suspensión de Pactos, Convenios ou Acordos xa asinados na lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.
- Reposición do 100% dos días de libre disposición.

- Levantamento da suspensión da totalidade dos artigos 19, 29, 34.2 do Convenio Colectivo e 3.3.8 do acordo do SPDCIF.

Por todo elo, e atendendo aos criterios económicos establecidos na disposición final única da lei 1/2012 e no artigo 38.10 do EBEP, dende a Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) solicitamos que na lei de orzamentos para o ano 2018 se recolla á revisión e derogación da *Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia* e a eliminación da suspensión de Pactos, Convenios ou Acordos xa asinados na lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

9

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2017